O NENO AMARELO

ESCOLA DE ILUSTRACIÓN

PROGRAMA



CALENDARIO CURSO 2013 - 2014

CURSO DE 40 HORAS

SESIÓNS TEÓRICAS: Miguel Vázquez Freire
SESIÓNS PRÁCTICAS: Xosé Tomás

LUGAR: San Martiño Pinario
Praza da Inmaculada, 5
SANTIAGO DE COMPOSTELA

www.onenoamarelo.com

O NENO AMARELO

ESCOLA DE ILUSTRACIÓN

PROGRAMA

OUTUBRO

VENRES 4

TEORÍA (16:00 - 18:00 h.): Iniciación á historia da ilustración. A ilustración como unha modalidade das artes plásticas. As tres grandes escolas da ilustración: a escola alemá, a escola anglosaxona e a escola francesa.

PRÁCTICA (18:00 - 20:00 h.): Exercicios de presentación I: un libro de artista ("Eu como personaxe"). Prácticas arredor da técnica do binomio fantástico, de G. Rodari.

VENRES 11

TEORÍA (16:00 - 18:00 h.): Clásicos contemporáneos. A proliferación de estilos e a dobre faciana do debate arredor do "estilo nacional" (o cosmopolitismo e o risco da difusión de estereotipos comerciais; o nacionalismo e o risco de provincianismo). A xénese da ilustración en Galicia. As "outras" escolas: influencias dos estilos orientalistas (o caso especial de Xapón).

PRÁCTICA (18:00 - 20:00 h.): Exercicios de presentación II: animalizacións gráficas e práctica arredor da propia personalidade, coa súa materialización visual. Práctica sobre un pequeño caderno de viaxes persoal.

O NENO AMARELO

ESCOLA DE ILUSTRACIÓN

PROGRAMA

OUTUBRO

VENRES 18

TEORÍA (16:00 - 18:00 h.): A dialéctica entre texto e imaxe como elemento clave do traballo do ilustrador. Distancia e complementariedade entre ilustración e pintura. Distancia e complementariedade entre ilustración e fotografía.

PRÁCTICA (18:00 - 20:00 h.):

- Ilustrando o texto. O diálogo entre os dous medios – exercicios prácticos.
- Práctica das potencialidades da ilustración como “enriquecedor” da linguaxe textual: prácticas con microtextos, haikus, etc.
- A elección dos momentos a ilustrar.
- A ilustración para o público prelector.
- A obra do ilustrador Shaun Tan como exemplo paradigmático.

O NENO AMARELO

ESCOLA DE ILUSTRACIÓN

PROGRAMA

OUTUBRO

VENRES 25

TEORÍA (16:00 - 18:00 h.): A procura dun criterio de avaliación para discriminar entre unha boa e unha mala ilustración. Boas e malas solucións na construción de personaxes e no desenvolvemento de historias. Análise comparativo a partir de exemplos significativos. O recurso ao estereotipo e a redundancia, os dous vicios maiores da ilustración. Manierismos bos e manierismos malos.

PRÁCTICA (18:00 - 20:00 h.):
- A creación do personaxe – prácticas
- A construción do personaxe a partir de descricións textuais.
- A construción do personaxe a partir da NON descrición textual.
- A coherencia e/ou evolución do personaxe a través da historia.
- O personxae-rasgo: animais, robots, …
- Análise de personaxes en álbumes ilustrados

O NENO AMARELO

ESCOLA DE ILUSTRACIÓN

PROGRAMA

NOVEMBRO

VENRES 1

TEORÍA (16:00 - 18:00 h.): O valor gráfico do texto. A páxina como espazo compositivo. O espazo en branco. A dobre páxina. Minimalismo e barroquismo, dúas eleccións igualmente válidas. A imaxe “profunda” e a imaxe secuenciada: pictorialismo e narratividade na ilustración.

PRÁCTICA (18:00 - 20:00 h.):
- O formato como parte do discurso: exercicios de deseño de páxina e da dobre páxina.
- Os silencios na composición: os brancos.
- Normas básicas de composición: exercicios prácticos
- A ilustración como narración secuencial: tensión narrativa, tempo, clímax.
- Exercicios de ilustración minimalista: a localización das esencias.
- Exercicios de ilustración barroca: o pracer dos detalles.

VENRES 8

TEORÍA (16:00 - 18:00 h.): **PRIMEIRA MASTER CLASS**: Parella consolidada de escritor-ilustrador: Xabier P. Docampo e Xosé Cobas.

PRÁCTICA (18:00 - 20:00 h.): continuación da sesión 10.

O NENO AMARELO

ESCOLA DE ILUSTRACIÓN

PROGRAMA

NOVEMBRO

VENRES 15

TEORÍA (16:00 - 18:00 h.): A retórica da imaxe. A importancia da elipse: a decisión sobre o que se conta e o que non se conta. Sinécdoque e metonimia. A metáfora. Fondo e forma. A construción das figuras. Ilustración plana fronte á procura de profundidade de campo. Texturas e atmosferas.

PRÁCTICA (18:00 - 20:00 h.):
• Ilustrando a elipse: exercicios prácticos sobre un texto.
• Práctica de ilustración de figuras retóricas: metáforas, hipérboles, paralelismos, metonimias, ...
• O humor gráfico

O NENO AMARELO

ESCOLA DE ILUSTRACIÓN

PROGRAMA

NOVEMBRO

VENRES 22

TEORÍA (16:00 - 18:00 h.): **SEGUNDA MASTER CLASS**. Encontro-debate cunha editora e cunha mediadora bibliotecaria: Belén López Vázquez (directora de Baía Edicións) e Mercedes Cerdeiras Uría (Responsable da Biblioteca Municipal Infantil da Coruña, e vicepresidenta segunda de GÁLIX).

PRÁCTICA (18:00 - 20:00 h.):
- O traballo coa textura como axente integrante do discurso.
- O traballo coa cor como elemento da historia: narrando coas cores.
- O traballo co branco e negro.
- A cor e as atmosferas.
- As paisaxes sonoras: ilustrando a partir da música.
- A documentación (histórica, científica, ...) na ilustración. Exercicios prácticos. O traballo da temporalidade e da atemporalidade.



O NENO AMARELO

ESCOLA DE ILUSTRACIÓN

PROGRAMA

DECEMBRO

VENRES 6

TEORÍA (16:00 - 18:00 h.): O álbum como formato ideal para a expresión artística do ilustrador. Evolución histórica do álbum ilustrado. O seu futuro na era da edición electrónica. Estudo especial de dous grandes ilustradores.

PRÁCTICA (18:00 - 20:00 h.):

- As partes do álbum ilustrado: exercicios de cubertas e contracubertas, portadiñas, gardas, como espazos de narración visual.
- Estudo de elementos paratextuais (gardas, capas, ...) en álbumes ilustrados. Análise práctica de obras salientables.

O NENO AMARELO

ESCOLA DE ILUSTRACIÓN

PROGRAMA

DECEMBRO

VENRES 13

TEORÍA E PRÁCTICA - SESIÓN CONXUNTA(16:00 - 20:00 h.):

Estudo previo do proxecto de final de curso:

- Conceptualización
- Traballo sobre o texto: decisións técnicas, deseño de personaxes, …
- Selección dos momentos a ilustrar
- Temporalización e organización do proxecto.
- Decisións técnicas: cor, estilo, texturas, técnica,…

O NENO AMARELO

ESCOLA DE ILUSTRACIÓN

PROGRAMA

XANEIRO

ELABORACIÓN DO PROXECTO DE FIN DE CURSO

Durante o mes de xaneiro os/as asistentes realizarán un **proxecto de fin de curso**, aplicando a teoría e as prácticas estudadas ao longo do trimestre.

Dito proxecto será monitorizado a distancia polos profesores do curso.

Finalmente, e en base a eses proxectos, **BAÍA EDICIÓNS** seleccionará a un/unha alumno/a para **ILUSTRAR UN ÁLBUM** dentro dos materiais da súa produción editorial

O NENO AMARELO

ESCOLA DE ILUSTRACIÓN

PROGRAMA

Teléfonos de contacto:

666 55 14 69
672 05 46 29

E-mail: onenoamarelo@gmail.com

www.onenoamarelo.com